



CONVENIO PARA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) E A FUNDACIÓN DO CAMPO GALEGO PARA A MELLORA DUNHA INFRAESTRUTURA RURAL ORIENTADAS A POSTA EN VALOR DO RURAL GALEGO, DENOMINADO: ESPAZO CULTURAL FORMATIVO DO MEDIO RURAL SOBRE AS LABORES DO CAMPO E A MECANIZACIÓN AGRARIA.

Santiago de Compostela, a 30 de agosto de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Miguel Ángel Pérez Dubois, en representación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de director xeral, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 41/2016, de 7 de abril (DOG núm. 67, do 08.04.2016), e actuando en virtude do seu expresado cargo, e en virtude das facultades delegadas polo acordo da Presidencia de Agader do 11 de xullo de 2013 (DOG núm. 148, do 05.08.2013).

Doutra, Manuel Iglesias Pérez, na súa calidade de presidente da Fundación do Campo Galego, en virtude da súa condición de presidente da citada fundación segundo acta fundacional ante o Notario Manuel Barros Gallego do Ilustre colexio de Notarios de Galicia con data 15 de marzo do 2018.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

EXPOÑEN

Que ámbalas entidades son conscientes da necesidade de favorecer as condicións para a mellora da calidade de vida da poboación rural e a importancia que ten para dita poboación a posta en valor do propio entorno de xeito que permitan que as xentes que viven do campo se sintán vencellados ao seu territorio por cuestións laborais pero tamén por unha adecuada oferta no ámbito da cultura e o ocio e así mesmo unha boa gama de servizos básicos que permitan a mellora das condicións de sociabilización e interrelación do veciños do rural de Galicia.



Que Agader é un ente público da Xunta de Galicia que promove e coordina o desenvolvemento rural en Galicia. Este desenvolvemento ten como finalidade mellorar a calidade e as condicións de vida dos habitantes do medio rural, e contribuír á cohesión do territorio galego.

As funcións de Agader previstas nos seus comezos aparecen recollidas na Lei 5/2000, do 28 de decembro. Posteriormente modificáronse polo artigo 2º da Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 7/1996 e a Lei 5/2000 (DOG núm. 244, do 17 de decembro), e polo apartado dous da disposición derradeira da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 250, do 30 de decembro).

De conformidade co disposto na citada Lei 5/2000, do 28 de decembro, entre as funcións da axencia están:

- Impulsa-la formulación, por parte dos axentes socioeconómicos locais das zonas rurais, de iniciativas e programas de desenvolvemento
- **Promover e incentiva-la cooperación entre os axentes públicos e privados nos que as súas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.**
- Elaborar estratexias e plans integrados de coordinación de actuacións de diversa natureza no medio rural, así como promover avaliacións independentes dos resultados dos ditos plans que permitan a súa revisión.



Agader quere acometer a posta en marcha de proxectos singulares que poidan afectar a elementos do ámbito da mellora da calidade de vida da poboación e da posta en valor das actividades que se levan a cabo nos entornos rurais, mellorando o autoestima do habitante e dotándoo de iniciativas que incidan na formación e na valorización do seu patrimonio inmaterial e que farán do medio rural un lugar mais atractivo e polo tanto favorecerán a fixación da poboación no campo galego e mesmo do tecido produtivo, ao ser estas actuacións interesantes dende o punto de vista de posibilitar visitas de carácter social, cultural e mesmo turístico.

Xa no concreto a este proxecto, Agader quere acometer a posta en marcha de proxectos singulares que poidan afectar a elementos do ámbito cultural de Galicia, xa que ditas actuacións inciden tanto na preservación do valores sociais do rural e da propia relación dos seus habitantes co seu medio, como na mellora dos servizos educativos, culturais, e de ocio que farán do medio rural un lugar mais atractivo e polo tanto favorecerán a fixación da poboación no campo galego, e mesmo do tecido produtivo, ao ser estas actuacións interesantes dende o punto de vista da diversificación económica enfocada





principalmente ao ámbito do turismo o cal debe de ser sen dúbida uns dos alicerces nos cales se deben soste as políticas de fixación de poboación durante os vindeiros anos.

Con este convenio asegurámonos de ter, dentro das nosas posibilidades, un espazo necesario para que poidan desenvolverse actividades que favorezan os obxectivos propostos.

Agader pretende defender e promocionar os valores culturais do pobo galego, actuando no fomento e promoción da cultura, e na protección, conservación e difusión do patrimonio cultural.

Agader ten especial interese no acondicionamento de infraestruturas de carácter sociocultural existentes pero que non se atopan en condicións óptimas para o seu uso, visita e mesmo promoción turística, para que as distintas entidades de Galicia poidan ofrecer unha axeitada e adecuada difusión da existencia destes elementos.

Por outro lado a Fundación do Campo Galego, ten actividades cuxa repercusión transcende as fronteiras municipais, acudindo a elas xente de toda Galicia e mesmo de foráneos.

Estatutos da Fundación do Campo Galego. ARTIGO 6º.- FINS

Os fins da Fundación son:

- 1.- Dignificar o campo Galego.
- 2.- Fomentar o Campo Galego como unha opción de traballo.
- 3.- Constituír, desenvolver e xestionar o "Museo do Campo e a Mecanización Agraria"
- 4.- Promover e desenvolver o estudo e a investigación histórica da mecanización agraria, na súa faceta científica, técnica, industrial, comercial e turística así como das consecuencias que a súa implantación tivo no ámbito histórico, cultural, sociolóxico e económico.
- 5.- Fomentar a recuperación, restauración, conservación, exhibición e uso de todo tipo de mecanización agraria de carácter histórico, así como mostrar a historia do campo galego e a súa evolución nas súas diferentes facetas actuais ou as que no futuro se instituyan.
- 6.- Fomentar a formación de profesionais implicados nestes sectores, así como a difusión pública de estudos e iniciativas que contribúan ao coñecemento pola opinión pública destas actividades.
- 7.- Fomentar o desenvolvemento, en Galicia, de actividades museísticas, culturais e sociais relacionadas co mundo do campo e a mecanización agraria.
- 8.- A cooperación ao desenvolvemento do progreso económico e social.
- 9.- Fomentar a autoestima do traballador do campo, así como proxectar cara á sociedade en xeral o recoñecemento do labor que realiza calquera persoa que traballa en, por ou para o campo.





10.- Contribuír coas súas actividades de forma decidida a reducir o despoboamento do campo, como sería ameaza á perda de cultura, patrimonio material e inmaterial, biodiversidade e capacidade produtiva.

A Fundación Campo Galego ten asinado un convenio con data 24 de Abril de 2018 coa Fundación Semana Verde de Galicia na cal se dispón a cesións dos locais e zonas do edificio do Auditorio do Recinto Feiral ata o 31 de decembro do 2040 sendo obriga da Fundación Campo Galego a de a facer as reparacións necesarias das instalacións para o funcionamento da súa actividade a cal se refire dito convenio e que é coincidente coa actividade do presente convenio entre Agader e a Fundación Campo Galego.

Con este espazo **ESPAZO CULTURAL FORMATIVO DO MEDIO RURAL SOBRE AS LABORES DO CAMPO E A MECANIZACIÓN AGRARIA** estamos polo tanto ante un espazo senlleiro e único na Comunidade Autónoma que reforza tanto o potencial do turismo histórico do territorio como o apego a cultura do rural e reforza a aprendizaxe dos valores que se asentan no campo galego.

A subvención directa decídese en base a criterios obxectivos tales como a poboación beneficiaria deste tipo de infraestruturas, a singularidade e excepcionalidade do elemento a tratar, implicación por parte da entidade no desenvolvemento de actividades de difusión, remate e acondicionamento de infraestruturas existentes, necesidade da urxencia para as actuacións de conservación, dispor dos medios económicos e técnicos precisos para facer fronte á inversión destas características.

Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36. c) e 40.1 a) do Regulamento da dita Lei, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así, mesmo dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser a Fundación Campo Galego a única entidade con competencia e posibilidades para a súa realización unha vez conta co espazo físico e co material expositivo necesario para elo.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,





CLAUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións básicas para a concesión por subvención directa de AGADER á Fundación do Campo Galego para mellora dunha infraestrutura rural orientada a posta en valor do rural galego, denominado: espazo cultural formativo do medio rural sobre as labores do campo e a mecanización agraria.

SEGUNDA.- Actuacións a realizar

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrència pública para a realización desta actuación, pola necesidade de atender áreas específicas como a que acontece co lugar de Silleda, no Concello de Silleda, no cal se deben inversións que redunden na mellora da calidade de vida da poboación, neste caso as actuacións serán as seguintes;

Realizar as obras e actuacións oportunas para a adaptación das instalacións do edificio do Auditorio do recinto Feiral Semana Verde de Galicia para poder poñer en marcha o espazo cultural formativo do medio rural sobre as labores do campo e a mecanización agraria. Ditas actuacións consistirán de maneira concreta en:

- Subministro y aplicación de pintura exterior
- Reparación e emplastecido de desperfectos e/ou humidades en paredes
- Subministro y aplicación de pintura interior
- Remoción de planchas de pladur en mal estado e colocación de novas planchas
- Demolición muros de pladur e construción de novos muros para ampliación da estancia de "Taller de restauración"
- Substitución de planchas de falso teito
- Substitución madeira paredes
- Pilares metálicos exterior del edificio
- Limpeza de oxido, preparación y aplicación de esmalte en pasarelas
- Abrillantado pisos de marmol
- Limpeza pisos exteriores del edificio para eliminación de verdín e malas herbas.
- Impermeabilización pisos con fibra de caucho





- Remoción e colocación de cazoletas azotea
- Cambio lugar cancela e muro metálico da entrada ao auditorio
- Demolición muro de la entrada principal para deixar acceso directo polo exterior ao auditorio.
- Reforma tótem lenda entrada principal do auditorio
- Construción cova Paleolítico
- Construción vivenda de adobe e brezo
- Construción castro Celta
- Vitrinas, tótems e gráficas

Para elo cómpre realizar as actuacións necesarias que permitan ofrecer, por parte das distintas entidades, uns servizos de difusión ben planificados dos que debemos responsabilizarnos, para garantir a todos os cidadáns o uso das infraestruturas obxecto do convenio.

TERCEIRA.- Obrigas da Fundación

A Fundación do Campo Galego comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade – tanto impresa como audiovisual- a colaboración de Agader e a Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da propia Agader e a Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os beneficiarios deberán dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

A Fundación do Campo Galego deberá presentar declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e





fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 11 do decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á AGADER para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

A Fundación do Campo Galego comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. AGADER poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.



CUARTA.- Financiamento

AGADER comprométese a aboar a Fundación do Campo Galego a cantidade de 145.573,05 euros para a posta en marcha do **ESPAZO CULTURAL FORMATIVO DO MEDIO RURAL SOBRE AS LABORES DO CAMPO E A MECANIZACIÓN AGRARIA** con cargo á aplicación orzamentaria 14.A1.712A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 código de proxecto 2017-00003 "Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural" que se distribúen en dúas anualidades 2019 e 2020, co seguinte desagregamento:

- **Anualidade 2019:** 75.000,00 €
- **Anualidade 2020:** 70.573,05 €

Esta cantidade, 145.573,05 euros, trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.



AGADER poderá efectuar pagos anticipados ata un 50% do total do proxecto, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, ata un importe máximo de 72.786,75 €.

A Fundación tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada. A suma dos pagos anticipados e os pagos a conta non poderán superar o 80% da subvención outorgada.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados. Así mesmo, segundo se establece no artigo 65.4 i) do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, quedan exonerados da constitución de garantía os pagamentos a conta e/ou anticipados que no seu conxunto non superen os 18.000 €.

No caso de que a Fundación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

O pagamento final non poderá ser inferior ao 20% da contía total do proxecto (29.114,61 euros) e deberá corresponderse co cumprimento da finalidade do proxecto.

QUINTA.- Xustificación dos gastos

A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 30 de novembro de 2019 na primeira anualidade e o 30 de xuño de 2020 no referente a segunda anualidade.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electrónicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A fundación presentará electrónicamente a conta xustificativa da subvención, coa data límite de 30 de novembro de 2019 na primeira anualidade e 30 de xuño de 2020 na segunda anualidade, e incluírá a seguinte documentación:





- Certificación expedida pola Secretaría da entidade co visto e prace do Presidente, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención
 - Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguintes relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Presentación de tres ofertas si as contías do gasto subvencionable son superiores ás establecidas na Lei de Contratos do sector Público para os contratos menores, en base o disposto o artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia.
- Facturas expedidas polas empresas adjudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio achegando xunto coas mesmas o comprobante de pago efectuado e certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiarán a actividade subvencionada con indicación do importe e o seu orixe.
- Acta de recepción.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e



no Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2019, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Fundación do Campo Galego non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

SEXTA.- Comisión mixta de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de AGADER, e polo presidente da Fundación do Campo Galego ou persoas ás que designen.

SÉTIMA .- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederase o reintegro da subvención cando conorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no



Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Fundación acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestión litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2020, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as realizadas a partires do 1 de xaneiro de 2019.

UNDÉCIMA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios



electrónicos coas administración públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónica mente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O director xeral de Agader
Galego



Miguel Ángel Pérez Dubois

O Presidente da Fundación do Campo

Manuel Iglesias Pérez